

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2011 pola que se publican os tipos de xuro que as entidades de crédito aplicarán durante o ano 2012 aos contratos de arrendamento financeiro subvencionados ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes.*

De conformidade cos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes asinados coas entidades de crédito durante os anos 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e o convenio de apoio financeiro 2004, 2005 e 2006 ao sector transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos, os tipos de xuro dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados pola Xunta de Galicia, que se formalizaron a tipo de xuro variable, variarán por anos naturais, establecéndose no texto dos citados convenios o sistema de determinación do tipo de xuro para exercicios futuros.

Visto o exposto, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do euribor durante o período establecido nos citados convenios, e en virtude das facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Publicar os tipos de xuro que as entidades de crédito aplicarán durante o ano 2012 aos contratos de arrendamento financeiro subvencionados ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes:

Primeiro. O tipo de xuro máximo que se aplicará durante o ano 2012 aos contratos de arrendamento financeiro formalizados, a tipo variable, ao abeiro dos convenios de apoio financeiro aos investimentos das pemes dos anos 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e do convenio ao sector transporte público por estrada de Galicia para a renovación da frota de vehículos dos anos 2004, 2005 e 2006, será de 2,95%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior a 1,15 puntos, o tipo de xuro que se aplicará será o resultado de engadirle ao tipo de referencia (1,776) o tipo adicional que teñan pactado as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Segundo. As entidades de crédito deberán comunicarles aos beneficiarios dos contratos de arrendamento financeiro subvencionados a variación do tipo de xuro.

Terceiro. O tipo de xuro do contrato de arrendamento financeiro resultante para o beneficiario, é dicir, o nominal menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ao límite fixado nos citados convenios e na resolución de concesión de axuda. No caso de que sexa inferior limitarase a subsidiación ata o citado límite. Para o caso de que o tipo de xuro nominal sexa igual ou inferior ao límite suspenderase a subsidiación e o tipo de xuro que se aplicará ao contrato de arrendamento financeiro será o que lle corresponda segundo o establecido no punto primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2011.

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica